


VIII Edición dos Premios Mestre Mateo no CGAI

Martes 18 de maio (20.30 h)

CELDA 211

Gañadora do premio á Mellor Longametraxe

110´. Presentación a cargo dos produtores Emma Lustres e Borja Pena.



Dirección: Daniel Monzón; **Guión:** Daniel Monzón e Jorge Guerricaechevarría; **Produción:** Emma Lustres, Borja Pena, Juan Gordon e Álvaro Agustin; **Produción executiva:** Elena Manrique, Emma Lustres, Borja Pena, Pilar Benito, Javier Ugarte; **Coprodución:** Franck Ribière e Vérane Frédiani; **Música:** Roque Baños; **Fotografía:** Carles Gusi; **Director de Arte:** Antón Laguna; **Directora de produción:** Alicia Tellería; **Axudante de dirección:** Sergio Francisco; **Xefe de produción:** Alberto Tomé; **Maquillaxe:** Raquel Fidalgo; **Perruquería:** Inés Rodríguez; **Montaxe:** Mapa Pastor; **Casting:** Eva Leira e Yolanda Serrano.

Ficha artística:

Luis Tosar – Malamadre
Alberto Ammann – Juan Oliver
Antonio Resines – Utrilla
Marta Etura – Elena
Carlos Bardem – Apache
Manuel Morón – Almansa
Luis Zahera – Releches
Vicente Romero – Tachuela
Fernando Soto – Armando Nieto

Sinopse:

Juan, novato funcionario de prisións, preséntase no seu novo destino un día antes da súa incorporación oficial. Alí, sofre un accidente minutos antes de que se desencadee un motín no sector dos FIES, os presos máis temidos e perigosos. Os seus compañeiros non poden máis que velar polas súas propias vidas e abandonan á súa sorte o corpo desmaiado de Juan na Celda 211. Cando esperta, Juan comprende a situación e faise pasar por un preso máis ante os amotinados. A partires dese momento, o noso protagonista terá que sobrevivir a base de astucia, mentiras e risco, sen saber aínda que paradóxica trampa lle ten preparado o destino.

Venres 21 de maio (20.30h)

CONEXIÓN

Gañadora do premio á Mellor Película para Televisión

170´. Presentación a cargo do produtor Pancho Casal.

Dirección: Leonel Vieira; **Guión:** Joao Nunes, Leonel Vieira; **Produtor executivo:** Leonel Vieira, Pancho Casal, Agustí Mezquida; **Música orixinal:** Xavier Capellas, Manu Riveiro; **Dirección de fotografía:** Jose Antonio Loureiro; **Montaxe:** Santy Cajun, Carmen Ruiz; **Dirección de produción:** Cándida Vieira; **Dirección de son:** Juan Gay; **Dirección artística:** Fernando Morais; **Axudante de dirección:** Raúl Correia; **Vestuario:** Irantzu Ruiz; **Perruquería e maquillaxe:** Chicha Blanco, Pablo Seoane.

Ficha artística:

Ivo Canelas
Cristovao Campos
Muriel Sánchez
Francesc Garrido
Xavier Deive



Sinopse:

Cando a traíña do patrón Narciso é interceptada en alta mar polas forzas especiais portuguesas cunha carga de haxix marroquí, comezan unha serie de acontecementos que desencadean nunha loita de poderes polo control da droga na zona; galegos, portugueses, españois e colombianos cun único obxectivo: facer o mellor negocio. O matriarcado da familia Alberro, a policía corrupta, a mafia colombiana e un home só, Miguel Ángel, que apunta demasiado alto. Esta loita salpicará, e moito, aos veciños do pobo de pescadores onde se desenvolve a historia, escenario silencioso pero partícipe de todo o que sucede nunha das zonas clave para a entrada da droga en Europa.

Xoves 27 de maio (20.30h)

¿QUÉ CULPA TIENE EL TOMATE?

Gañadora do premio á Mellor Longametraxe Documental

107´. Presentación a cargo do director Jorge Coira e da produtora Fernanda del Nido.

Dirección: Alejo Hoijman (Argentina), Marcos Loayza (Bolivia), Josué Méndez (Perú), Carolina Navas (Colombia), Paola Vieira (Brasil), Alejandra Szeplaki (Venezuela) y Jorge Coira (España); **Edición xenal:** Alejo Hoijman; **Produtores executivos:** Fernando del Nido, Hugo Castro Fau; **Coprodución:** Marcos Loayza, Enid Campos, Carolina Barrera, Rodrigo Letier, Daniel Jerozolimski.



Sinopse:

- Sete países.
- Sete mercados populares.
- Sete culturas diferentes.
- Sete directores.
- Sete miradas distintas.

¿Qué culpa tiene el tomate? é unha longametraxe documental observacional na que participan 7 directores iberoamericanos, que a través dos seus mercados populares envólvennos nas súas diferentes culturas e formas de vida.


Sábado 29 de maio (20.30h)

MULLERES DA RAIA

Gañadora do premio ao Mellor Documental

42'. Presentación a cargo da súa autora Diana Gonçalves.

Dirección, Guión e Producción: Diana Gonçalves; **Música Orixinal:** Miguel Barbosa;
Montaxe: Miguel Barbosa y Diana Gonçalves; **Fotografía:** Diana Gonçalves;
Grafismo: Luis Faraón.



Sinopse:

Unha viaxe ás fronteiras do Norte de Portugal e Galiza transpórtanos ao noso pasado máis recente, o contrabando local e a emigración clandestina eran prácticas habituais nestas terras aproveitando a proximidade do país veciño.

A raia, como popularmente se coñece a fronteira, garda unha historia de loita diaria pola supervivencia, e as súas mulleres, son protagonistas.